



centro
dramático
galego

dossier

Suso Alonso
maría Bouzàs
Xan Cejudo
marcos Correda
Susana Dans
Borja Fernández
Bernardo Martínez
Rebeca Montero
Óliver Mosquera
Simone Negrin
Xosé M. Oleira «Pico»
Ramón Orenco
marcos Orsi

Noite Reis

de W. Shakespeare

ou
O que
Quirados

dirixida por Quico Cadaval



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

IGAEM

Instituto galego
das artes escénicas
e musicais



SALONTEATRO



TEATRO GALEGO



FUNDACION CAIXA GALICIA

ESPAZOS CDG (Institucións e entidades colaboradoras)



CENTRO DRAMÁTICO GALEGO
temporada 2007-2008

Noite de Reis

ou
O que
Quirados

dirixido por Quico Cadaval

Centro Dramático Galego
Salón Teatro. Rúa Nova, 34
15705 Santiago de Compostela
Tel. 981 581 111
centro.dramatico.galego@xunta.es

www.centrodramatico.org

Comunicación. IGAEM
Rúa da Vesada, s/n. San Lázaro
15703 Santiago de Compostela
Tel. 981 577 126 / 128 (ext. 105 e 116)
prensa.igaem@xunta.es

www.igaem.xunta.es

| ÍNDICE |

Presentación.....	4
Ficha artística.....	5
Funcións.....	6
A obra.....	7
Sinopse.....	8
Produción.....	9
O autor.....	10
O director.....	12
O elenco.....	13

| PRESENTACIÓN |

Noite de Reis é un dos textos por excelencia da dramaturxia universal, posiblemente un dos máis representados. Chega ao Centro Dramático Galego (CDG) da man dun dos directores máis consagrados do panorama escénico galego, Quico Cadaval, que se enfronta por primeira vez a Shakespeare.

Actor, director e adaptador teatral, Quico Cadaval é, ademais, o impulsor do movemento de contacontos xurdido en Galiza na década dos noventa. Pertence a unha xeración de profesionais que medrou cando o CDG, e que actualmente se atopan no seu momento de madurez creativa, o momento de abordar un proxecto de envergadura.

Cadaval caracterízase non só pola súa proxección internacional a través da lusofonía, senón tamén pola súa conexión co público conseguida, maiormente, a través da súa faceta como contacontos e do seu labor como guionista e como director de, entre outros, *Mofa e Befá* ou o propio CDG. É unha das figuras máis mediáticas e seguidas do sector escénico galego.

Ábrese o pano da temporada cun grande espectáculo e cun duelo de altura entre dous dramaturgos de excepción separados polo tempo: Quico vs. William.

| FICHA ARTÍSTICA |

Autoría William Shakespeare

Dirección e versión Quico Cadaval

Produción Centro Dramático Galego

Elenco (por orde alfabética):

<i>Farignelli</i>	Suso Alonso
<i>Olivia</i>	María Bouzas
<i>André</i>	Xan Cejudo
<i>Orsino</i>	Marcos Correa
<i>María</i>	Susana Dans
<i>Sebastián</i>	Borja Fernández
<i>Padre Martini</i>	Bernardo Martínez
<i>Violeta</i>	Rebeca Montero
<i>Antonio</i>	Simone Negrín
<i>Festas</i>	Víctor Mosqueira
<i>Tobías</i>	Xosé Manuel Olveira, <i>Pico</i>
<i>Gambini</i>	Ramón Orencio
<i>Malvolio</i>	Marcos Orsi

Axudantía de produción Marta Lago e Rebeca Montero

Espazo escénico e iluminación Baltasar Patiño

Figurinos Gilda Bonpresa

Espazo sonoro e dirección musical Bernardo Martínez

Maquillaxe Dolores Centeno

Realización da escenografía Carpintería Metálica Galanas; Rodrigo Roel

Realización do vestiario Concha Abad; Milagros Reimúndez; Cristina Cordido e Mari Carmen Morales

Caderno pedagóxico Miguel Vázquez Freire (Gálix)

Asesor de italiano Simone Negrín

Edición de libreto Mon Serodio

Fotografía Tono Arias

Deseño gráfico Fausto Isorna

Gabinete de imaxe Signum

Revisión lingüística Rosetta

Gabinete de comunicación Trisquelia

Coodinación Espazos CDG Xocas López

| FUNCIÓNS |

Santiago de Compostela Salón Teatro: do 28 de setembro ao 21 de outubro
Estrea: venres 28 de setembro ás 21.00 horas
> Funcións para institutos:
 mércores e xoves ás 11.00 horas
> Funcións:
 venres e sábados ás 20.30 horas
 domingos ás 18.00 horas

FUNCIÓNS

Ourense	Teatro Principal: 27 e 28 de outubro, ás 20.00 h.
Carballo	Pazo de Cultura: 31 de outubro, ás 21.00 h.
O Barco de Valdeorras	Teatro Lauro Olmo: 9 de novembro ás 21.00 h.
Ferrol	Teatro Jofre: 17 e 18 de novembro ás 20.30 h.
Vilagarcía de Arousa	Auditorio Municipal: 24 de novembro ás 21.00 h.
Tui	Teatro Área Panorámica: 30 de novembro ás 21.00 h.
Vigo	Centro Cultural Caixanova: 4 e 5 de decembro ás 20.30 h.
Ribadeo	Auditorio Municipal: 15 de decembro ás 20.30 h.
Lugo	Auditorio Gustavo Freire: 17 de decembro ás 21.00 h.
Pontevedra	Pazo da Cultura: 21 de decembro ás 21.00 h.
A Coruña	Teatro Rosalía de Castro: 12 e 13 de xaneiro
Narón	Auditorio Municipal: 18 e 19 de xaneiro

FUNCIÓNS ESCOLARES

Ourense	Teatro Principal: 25 e 26 de outubro ás 11.00 h.
O Barco de Valdeorras	Teatro Lauro Olmo: 8 de novembro ás 12.00 h.
Ferrol	Teatro Jofre: 15 e 16 de novembro ás 11.00 h.
Vilagarcía de Arousa	Auditorio Municipal: 23 de novembro ás 11.00 h.
Ribadeo	Auditorio Municipal: 14 de decembro
Pontevedra	Pazo da Cultura: 20 de decembro ás 11.30 h.
A Coruña	Teatro Rosalía de Castro: 10 e 11 de xaneiro
Narón	Auditorio Municipal: 16 e 17 de xaneiro

| A OBRA |

Noite de Reis, ou *A duodécima noite*, é unha comedia en cinco actos que se presume foi escrita entre 1599 e finais de 1601. Foi unha das primeiras obras de Shakespeare representada ao comezo da Restauración mais non se imprimiu ata a súa inclusión no *First Folio* en 1623.

O título refírese á duodécima noite contando a partir de Noiteboa, que é xustamente a Noite de Reis ou Epifanía. Foi escrita orixinalmente co fin de ser parte das celebracións de Reis na antiga Inglaterra.

Noite de Reis representouse probablemente na festa da Candelaria (2 de febreiro de 1602), que daquela era a culminación da longa Festa de Inverno, no Middle Temple Hall de Londres a cargo da compañía de Shakespeare, The Chamberlain's Men (Os homes do camareiro). Pode que se representase tamén antes na noite duodécima (5 de xaneiro) de 1601 perante a corte, no Palacio de Whitehall. Igualmente, *Noite de Reis* foi interpretada na corte o Luns de Pascua (6 de abril de 1618) e de novo na Candelaria de 1623.

| SINOPSE |

O CDG achéganos nesta ocasión a unha das mellores obras de Shakespeare, *Noite de Reis. Ou o que queirades*, unha montaxe que combina un divertido xogo de enredos, contratempos, malentendidos, enganos e desenganos con apaixonantes historias de amor e desamor. Todo o que a comedia romántica podería dar de si está reunido nesta peza:

Sebastián e Violeta, irmáns xemelgos, naufragan ante a costa de Ilíria. Violeta consegue chegar case sen vida á praia. Ela cre que Sebastián morreu. Vestida de home e facéndose pasar por un paxe novo co nome de Cesario, pasa a servir na corte do duque Orsino que está "poética, apaixonada e desesperadamente namorado" da aflixida Lady Olivia, que o rexeita continuamente. Orsino utiliza a Cesario como confidente e como mensaxeiro para declararlle o seu amor a Olivia pero Cesario -Violeta, en realidade- comeza a namorarse de Orsino mentres que Olivia, pola súa parte, se namora do mensaxeiro, que é Cesario.

Namentres, Malvolio, servidor de Olivia, perseguirá o amor da súa ama e, a causa dunha confusión amañada, crerase correspondido, producíndose unha serie de situacións hilarantes que o levaran case a entolecer.

Ao mesmo tempo, Antonio, capitán de barco, conseguiu rescatar do mar a Sebastián. Ambos desembarcan en Ilíria. A presenza de Sebastián na cidade será o comezo do fin do enredo. Os malentendidos e cruzamentos de parellas avivados por Festas (bufón da corte do duque Orsino), enganando a Andrés (burgués que tamén pretende a Olivia) e burlando a Malvolio resolveranse finalmente.

| PRODUCCIÓN |

Centro Dramático Galego

Unidade de produción teatral -compañía de teatro- adscrita á Xunta de Galicia, o Centro Dramático Galego comezou a súa traxectoria en 1984 co obxectivo de contribuír á normalización e regularización da actividade teatral galega. Desde entón, o CDG vén desenvolvendo un constante traballo de produción e distribución de espectáculos teatrais.

Foi en 1991 cando a compañía pública se presentou diante dos espectadores como centro - artístico- de produción do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais. A súa adscrición a este organismo da Consellería de Cultura e Deporte facilitou a consolidación do teatro institucional como un proxecto complementario e harmónico respecto do resto da escena galega.

Nestes máis de 20 anos de historia, as principais liñas de programación do Centro, cunha media de tres producións por tempada, apuntaron cara a varias direccións: recuperación dos nosos autores fundamentais, presenza dos dramaturgos galegos contemporáneos, incorporación á escena galega de grandes nomes da literatura dramática universal de todos os tempos, promoción do teatro infantil e proxección exterior do noso teatro, entre outras.

O sistema habitual de funcionamento da compañía é o concurso dun director de escena convidado, xunto co elenco interpretativo e o equipo artístico que se contratan segundo as necesidades de cada unha das producións. Nelas tamén se involucra un equipo técnico do IGAEM (talleres, son e iluminación, estrutura escénica, tremoias, vestiario, etc.).

O CDG encárgase ademais da xestión do Salón Teatro de Santiago, único espazo de exhibición escénica de titularidade exclusiva da Xunta de Galicia e no cal a compañía pública desenvolve desde 1999 un amplo período de representacións con cada un dos seus novos espectáculos.

As últimas representacións do CDG foron *A Piragua* (2007) de Cándido Pazó, *Tarará-Chis-Pum!* (2007) de Artello Teatro Alla Scala 1:5 e *O Regreso ao Deserto* (2006) de Bernard-Marie Koltès, baixo a dirección de Cristina Domínguez Dapena.

| O AUTOR |

William Shakespeare naceu en Stratford-upon-Avon en 1564 e alí morreu en 1616. Coñecido como o Bardo de Avon, é considerado o escritor máis destacado da lingua inglesa e un dos máis célebres da literatura universal. As súas pezas dramáticas son traducidas a multitude de idiomas e represéntanse en todo o mundo. A súa obra é tal que moitas das súas personaxes aínda son obxecto de cuantiosos estudos. Unha das características máis salientables é a profunda e complexa definición psicolóxica das súas perxonaxes.

Casou con Anne Hathaway en 1582; tres anos máis tarde estableceuse como actor en Londres e uniuse ao grupo teatral The Chamberlain's Men, renomeado máis tarde como The King's Men, cos cales actuaría en The Globe Theater.

A publicación, en 1593, do seu poema *Venus e Adonis*, moi ben acollido nos ambientes literarios londinenses, foi un dos seus primeiros éxitos. Da súa produción poética posterior cabe destacar *A violación de Lucrecia* (1594) e os *Sonetos* (1609), de temática amorosa e que por si sós o situarían entre os grandes da poesía anglosaxoa.

Con todo, foi a súa actividade como dramaturgo o que deu sona a Shakespeare na época. A súa obra, en total catorce comedias, dez traxedias e dez dramas históricos, é un exquisito compendio dos sentimentos, a dor e as ambicións da alma humana. Tras unhas primeiras tentativas en que se transparenta a influencia de Marlowe, antes de 1600 apareceron a maioría das súas «comedias alegres» e algúns dos seus dramas baseados na historia de Inglaterra, como *Henrique VI, Primeira, Segunda e Terceira parte* (1590-1592) e *Ricardo III* (por volta de 1593). Destaca sobre todo a fantasía e o sentido poético das comedias deste período, como en *Soño dunha noite de verán* (1594).

No ano 1595 publica *Romeo e Xulieta*, a súa obra máis popular e unha das máis representadas. A partir de 1600 Shakespeare publica as grandes traxedias e as chamadas «comedias escuras». Os grandes temas son tratados nas obras deste período cos acentos máis cobizosos, onde o tráxico xorde sempre do detalle realista ou do penetrante tratamento psicolóxico da personaxe, que induce o espectador a identificarse con el: así, *Hamlet* (1601) reflicte a incapacidade de actuar ante o dilema moral entre vinganza e perdón; *Otelo* (1602), a crueldade gratuíta dos ciumes; e *Macbeth* (1607), a cruel tentación do poder. Outras obras importantes desta etapa son: *Xulio César* (1600), *O rei Lear* (1605), *Antonio e Cleopatra* (1606).

Nas súas últimas obras, a partir de 1608, cambia de rexistro e entra no xénero da traxicomedia, a miúdo cun final feliz no que se entrevé a posibilidade da reconciliación, como sucede en *Pericles* (1608) ou en *A tempestade* (1611). Shakespeare publicou en vida só 16 das obras que se lle atribúen; por iso, algunhas delas posiblemente se terían perdido de non publicarse (poucos anos despois da morte do poeta) o *Folio*, volume recompilador que serviría de base para todas as edicións posteriores.

| O DIRECTOR |

Quico Cadaval

Ribeira, A Coruña, 1960



Actor, director e adaptador teatral, foi o impulsor do movemento de contacontos xurdido en Galiza na década dos noventa. Aprendeu a contar contos desde moi neno grazas a unhas vellas que se encargaron de transmitirle historias, e tamén grazas ás persoas, da máis variada índole, que pasaban pola taberna da súa nai.

Comezou na interpretación teatral a finais dos setenta no Centro Dramático Galego, dirixindo as pezas *Como en Irlanda* (1996) e *O ano do cometa* (2004). A mediados dos oitenta, funda a súa propia compañía, O Moucho Clerc.

Na súa faceta de dramaturgo produciu os textos *Un código clandestino*, unha dramaturxia dos poemas medievais galaico-portugueses, *O rouxinol da Bretanha* sobre BD de Hugo Pratt, *A caza do snark*, sobre o poema de Lewis Carrol, *Se o vello Simbad volvese ás illas* e *O ano do cometa* (ambos os dous dos romances homónimos de Álvaro Cunqueiro), *Rapatú*, do conto popular europeo *A sogra do diablo*, ou *Espantoso!!!*, que foi premiado co María Casares ao mellor texto orixinal do teatro galego en 2002.

Traballou en diferentes producións da TVG, así como en curtas e longametraxes. Continúa a traballar no audiovisual como actor e como guionista. Foi profesor de interpretación de "Operação Triunfo" (Portugal, 2003).

| O ELENCO |

Rebeca Montero (*Violeta*)

Ourense, 1967



Licenciada en teatro pola Real Escuela Superior de Arte Dramático, Rebeca Montero inicia a súa actividade profesional como actriz de teatro en 1986, dentro do CDG coa obra *O enfermo imaxinario*, de Molière, baixo a dirección de Eduardo Alonso. Desde entón, traballou para a compañía pública noutras catorce producións: *As alegres casadas* (1989), *Leoncio e Helena* (1993), *A fiestra valdeira* (1994), *Nin me abandonarás nunca* (1995), *Nau de amores* (1995), *Viaxe e fin de don Frontán* (1995), *Hostia* (1996), *Como en Irlanda* (1996), *Lisístrata, ou cando as mulleres reviraron* (1997), *O bufón de El Rei* (1997), *Memoria de Antígona* (1998), *Si o vello Simbad volvease ás illas* (1999), *O colaborador* (2002) e *Seis personaxes na procura de autor* (2005).

Completan a súa traxectoria interpretativa a súa participación nas montaxes de Teatro do Noroeste *A gran noite de Fiz* (1992), de M. A. Murado; *Galileo Galilei* (1993), de B. Brecht; *Alta Comedia* (2002), de Eduardo Alonso e *O País Acuático* (2002) de Eduardo Alonso. Recentemente interveu en *A amarga emoción do perdido* (2007) para Teatro Poscrito e *Carambola* (2006) para Lagarta Lagarta, ambas as dúas baixo a dirección de Lino Braxe.

Canto ao sector audiovisual, participou nos filmes *León y Olvido* (dirixido por Xavier Bermúdez, 2003); *Blanca Madison* (Carlos Amil, 1998); *Nena* (Xavier Bermúdez, 1997); *El rey del río* (Gutierrez Aragón, 1994); e *Luz negra* (Xavier Bermúdez, 1992). Tamén en varios capítulos das series e producións *A vida por diante*, *Pepe o inglés*, *Rías Baixas*, *Avenida de América*, *Con perdón*, *Mareas vivas*, *Pratos combinados* e *Imos aló*.

Noutras facetas escénicas, desde outubro de 2006 ata xullo de 2007 traballou como asesora de monitores de teatro en dez centros de ensino de Santiago de Compostela e as súas comarcas dentro do proxecto “Talleres a escena”, da Fundació La Caixa.

María Bouzas (Olivia)
Mugardos, A Coruña, 1962



Licenciada en teatro pola Real Escuela Superior de Arte Dramático, María Bouzas iniciouse no teatro e deuse a coñecer co Centro Dramático Galego na obra *O mozo que chegou de lonxe* (1998) de J. M. Synge e dirixida por Mario Gas. Tras esa obra á que seguiron as montaxes *A casa dos afogados* (1990), *O incerto señor don Hamlet* (1991), *Un soño de verán* (1992) e *Se o vello Simbad volveuse ás illas* (1999).

En 1992, forma parte do elenco de *Saxo Tenor*, de autoría e dirección de Roberto Vidal Bolaño e funda, xunto coa actriz María Pujalte, a Compañía de María, coa que ata 1996 protagoniza as montaxes *Fisterra-Broadway* (dirixida por Xavier Picallo, 1992), *Squash* (Quico Cadaval, 1994), *Amén* (Xavier Picallo, 1995) ou *A voda dos moinantes* (Quico Cadaval, 1996).

De aí deu o salto á televisión, medio en que ten feito de presentadora (*Tardes de verán*, *A familia Mudanza*, *Superamigos*) e de actriz desenvolvendo papeis protagonistas nas series da TVG *Terra de Miranda*, *Un mundo de historias*, *Pratos combinados*, *A familia Pita* e *El destino en tus manos* (esta última para TVE). No cine participou en curtametraxes como *A subela*, *Antonio*, *Jorge e Luis cásanse*, *Se o sei non veño*, *A ti como se che di adeus?* ou *Una extraña mirada*, por mencionar as máis recentes. En longametraxes interveu en *Unha muller invisible* (2007), *Abrígate* (2006), *Atlas de xeografía humana* (2006), *Heroína* (2005), *O agasallo de Silvia* (2003), *Sara* (2002), *O alquimista impaciente* (2001), *Condenado a vivir* (2000), *Sei quen es* (1999), *Arde amor* (1998), *Blanca Madison* (1998), *Ni en soños* (1994), *A metade da vida* (1993) e *Martes de Entroido* (1990).

Entre os premios que recibiu cómpre destacar o Premio Mostra de Cinema Llatinoamérica de Lleida (2007) á Mellor Actriz polo filme *Abrígate*, o Premio Mestre Mateo 2005 á Mellor Actriz Secundaria por *Heroína*, o Premio Mestre Mateo 2004 á Mellor Protagonista pola serie *Terra de Miranda* e o Premio María Casares 2000 á Mellor Actriz Secundaria pola obra de teatro *Se o vello Simbad volveuse ás illas*.

Xosé Manuel Oliveira, Pico (Tobías)

Esteiro, Muros, A Coruña 1955



Comezou a súa carreira profesional como actor de teatro en 1972 dentro do grupo de teatro de cámara Ditea, dirixido por Agustín Magán, co cal colaborou en máis de quince montaxes. Desde aquela, entre os numerosos papeis escénicos que interpretou destacan os desenvolvidos para o CDG: *A noite vai como un río*, (1986), *A Pousadeira* (1987), *O mozo que chegou de lonxe* (1988), *O arce do xardín* (1989), *Yerma* (1990), *O incerto señor don Hamlet* (1991), *A Lagarada* (1992), *Leoncio e Helena* (1993), *A fiestra valdeira* (1994), *Nin me abandonarás nunca* (1995), *Viaxe e fin de don Frontán* (1995), *Nau de Amores* (1995), *Hostia* (1996), *Como en Irlanda* (1996), *Lisístrata, ou cando as mulleres reviraron* (1997), *O peregrino errante que cansou ao demo* (1997), *O bufón de El Rei* (1997), *Memoria de Antígona* (1998), *Si o vello Simbad volveuse ás illas* (1999), *Calígula* (2000), *O ano do cometa* (2004), *Ricardo III* (2005) e *A Piragua* (2007).

Tamén ten participado noutros espectáculos de compañías profesionais como O Mourcho Clerc en *Na fraga do conde* (1987-1988), *A caza do snark* (1989-1990) e *O rouxinol da Bretanha* (1990-1991), así como en *Na casca dunha árbore* (Kukas Produccións, 1992), *Saxo Tenor* (Teatro do Aquí, 1992-1993), *A Vía Láctea* (Produccións Máxicas, 1993), *Golfos de Roma* (O.M.Teatro, 1994), *Cartas de Amor* (Lagarta, Lagarta, 2000) e *O binomio de Newton* (Teatro de Adro, 2001).

As catro primeiras producións cinematográficas en que participa están dirixidas por Chano Piñeiro, 25 filmes a partir de mediados dos anos 80 con directores como Pedro Carvajal, José Luis García Sánchez, Mario Gas, José Luis Cuerda, Gracia Querejeta, Antón Reixa, Rafael Moleón, Jorge Coira, Alex Sampaio, Luis Avilés, Gutiérrez Aragón, Ramón Costafreda, Alejandro Amenábar etc., aínda que é máis coñecido pola súa faceta humorística en programas como *O veciño do xoves* ou teleseries como *Os outros feirantes*, *Pratos combinados*, *Mareas vivas*, *A vida por diante* da TVG, *El comisario* e *Hospital Central* (estas dúas de Tele 5).

Entre os premios que recibiu cómpre citar o Premio María Casares 1999 ao Mellor Actor Protagonista por *Si o vello Simbad volveuse ás illas*, o Premio María Casares 2000 ao Mellor Actor Secundario por *Calígula* e o Premio María Casares 2002 ao Mellor Actor Protagonista por *Binomio de Newton*. Foi nomeado para o Mellor Actor Protagonista María Casares 2005 por *Ricardo III*.

Marcos Orsi (*Malvolio*)

Santo André, São Paulo, Brasil, 1964



Comezou a súa carreira de actor nos anos 80 con Arte Livre do seu São Paulo natal. Con esta compañía dramática, Orsi vén a Europa en 1986 e acaba fixando a súa residencia en Galiza. Sobe ao escenario con diversas compañías teatrais como Teatro do aquí, Bacana ou Ollomoltranvía, coas que participa como actor, director e bailarín nas obras *A ópera de a Patacón*, *Qui pro quo*, *Ratman* e *Bobyn*, *Caperucitoloxía*, *Escola de bufóns*, *Raiñas de pedra*, *Commedia*, *un xoguete para Goldoni*, *Fas e Nefas*, *Moleques*, *Narciso* e *Goldmund* e *Amar verbo intransitivo*.

Para o Centro Dramático Galego interveu en sete das súas producións: *A Piragua* (2007), *O ano da cometa* (2004), *A comedia do gurgullo* (2003), *A burla do galo* (2000), *Si o vello Simbad volvese ás illas* (1999), *Un soño de verán* (1992) e *O incerto señor don Hamlet* (1991).

Ten actuado en varias teleseries da TVG, entre as cales destacan *Rías Baixas*, *As leis de Celavella*, *A miña sogra e máis eu*, *Mareas vivas*, *Pratos combinados*, *Galicia express* e nalgúns episodios de *El comisario* e *Hospital Central*, de Tele 5. No ámbito cinematográfico, os seus papeis máis relevantes inclúen interpretacións en *O agasallo de Silvia*, *O lapis do carpinteiro* e *Era outra vez*. Tamén ten experiencia no eido publicitario.

Entre os premios que recibiu destacan o Premio Compostela 1992 como Mellor Actor Secundario por *Un soño de verán* e o Premio Compostela 1994 como Mellor Actor Protagonista por *Commedia*, *un xoguete para Goldoni*. Foi nomeado como Mellor Actor aos premios Mestre Mateo 2003 polo seu traballo na serie *Rías Baixas*, así como aos Premios María Casares 2005, 2000 e 1999 como Mellor Actor Secundario por *O ano da cometa*, *Si o vello Simbad volvese ás illas* e *Qui pro quo*, respectivamente, e como Mellor Actor Protagonista en 2004 por *Comedia do gurgullo*.

Susana Dans (*María*)

A Coruña, 1965



Actriz de teatro, cine e televisión, Susana Dans posúe unha ampla e recoñecida traxectoria profesional, tal e como o demostran os numerosos premios que recibiu: Premio María Casares 2005 á Mellor Actriz Secundaria por *O ano do cometa* do CDG, II Premio de interpretación Maruxa Villanueva pola súa traxectoria no ano 2002, Premio María Casares 2002 á Mellor Actriz Secundaria por *Rosalía* do CDG e o Premio María Casares 2000 á Mellor Actriz Protagonista por *O cerco de Leningrado* de Teatro do Atlántico.

Canto ao audiovisual, actuou en numerosas producións propias da TVG como *Caravana de sabores*, *Pratos combinados*, *Os outros feirantes*, *Arroz con chicharos*, *Arestora...* Mais tamén participou nas longametraxes *Blanca Madison* (2003), dirixida por Carlos Amil, *Martes de Carnaval* (1991), de P. Carvajal e F. Bauluz, *Divinas Palabras* (1987) de J. L. García Sánchez e na curtametraxe *Cabeza de boi* (1996), de José Carlos Soler.

Susana Dans traballou anteriormente co CDG en *A Pousadeira* (1987), *O arce do xardín* (1989), *O incerto señor don Hamlet* (1991), *A Lagarada* (1992), *Leoncio e Helena* (1993), *Nin me abandonarás nunca* (1995), *Viaxe e fin de don Frontán* (1995), *Nau de Amores* (1995), *Hostia* (1996), *Como en Irlanda* (1996), *Lisístrata, ou cando as mulleres reviraron* (1997), *O peregrino errante que cansou ao demo* (1997), *O bufón de El Rei* (1997), *Memoria de Antígona* (1998), *A burla do galo* (2000), *Rosalía* (2001), *O ano do cometa* (2004) e *A Piragua* (2007).

A súa experiencia profesional complétase cos seus traballos interpretativos nas montaxes *Muller do porvir* de Teatro da Lúa, *O cabodano* e *Saxo tenor* de Teatro do Aquí, *Mulleres*, *Trínguili-trángala* e *Fedra Gómez* de Uvegá Teatro, *O cerco de Leningrado* e *Vellos Tempos* de Teatro do Atlántico, *A casca dunha árbore*, de Kukas Produccións Artísticas, *Tatuaxe* e *Salacot e filloas (cabaret)* de Pífano Teatro, *Como as camisas de liño* da Escola Dramática Galega, *Aquela historia de Bly* e *Forzas eléctricas* da Compañía Luís Seoane e *O proibido* de cabaret Susana Dans.

Compaxina o seu labor interpretativo coa faceta de cantante como vocalista do grupo de sonbolero *Danzones*. Ten realizado diferentes traballos de dobraxe e copresenta o programa da Radio Galega *Chascarraschás*.

Marcos Correa (Orsino)

Vigo, 1974



Iniciouse no mundo do teatro con compañías independentes, actuando nas obras *El emperador de la China* de Marco Denevi (1990), *Un pequeño café* de Marco Denevi (1991) e *El tartufo* de Molière (1992), as tres baixo a dirección de Patricio Pérez. Como integrante da Aula de Teatro da Universidade Santiago de Compostela participou nas montaxes *Contos da cabana*, escrita e dirixida por Manuel Lourenzo (1997), así como *Comedia noxenta para mamá* de S. Witckiewicz (1998), *La cabeza del dragón* de Valle Inclán (1999), *Os vellos non deben namorarse* de Castelao (2000), *O burgués xentil home* de Molière (2001) e *El caballero de Olmedo* de Lope de Vega (2006), dirixidas todas elas por Roberto Salgueiro.

A súa primeira experiencia profesional foi coa compañía de teatro Espello Cóncavo, coas pezas *Peter Pan* (1998) de J. M. Barrié e baixo a dirección de Arturo López e mais *Elia en ardentía* (2001), escrita e dirixida por Roberto Salgueiro.

Na pequena pantalla ten actuado en numerosos capítulos das series da TVG *Rías Baixas*, *Fíos* e *Pepe o inglés*, así como nas producións *Cota Roja*, *Máxima Audiencia* ou *Comando Zapping*. A súa experiencia audiovisual abrangue tamén as curtametraxes, onde protagonizou *Os fillos de Eva*. *The show* (2004) e *Sobre a morte do Bieito* (2007).

Para mellorar a súa formación, ten asistido a cursos de voz, dicción e dobraxe para actores (impartido por Antonio Mourelos), de esgrima teatral e movemento escénico (impartido por Carlos Vizcaíno) e de *clown* (impartidos por Carlo Colombagionni e Nestor Muzo).

Víctor Mosqueira (*Festas*)

Corme, A Coruña, 1962



Actor de teatro, cine e televisión, ademais de especialista en Commedia dell'Arte, entra en contacto coas artes escénicas a finais dos anos 70, aínda que é en 1991 cando comeza a súa carreira ininterrompida no teatro. Traballou en publicidade, como guionista cómico e como actor de dobraxe desde 1982.

Conforma con Evaristo Calvo o dúo cómico Mofa e Befá co que protagonizou, baixo a dirección de Quico Cadaval, as montaxes *Sempre ao lonxe* (2006) e *Finis Mundi Circus* (1998), esta última Premio María Casares 1998 ao Mellor Actor de Reparto. Tamén participou na peza *Hamlet R.T.A.* (Lino Braxe, 2006), así como en *Escola de bufóns* (Fabio Mangolini, 1996) e *Commedia, un xoguete para Goldoni* (Cándido Pazó, 1993) para a compañía Ollomoltranvía. Para o CDG interveu nas producións *Un soño de verán* (1992), dirixida por Eduardo Alonso e Premio Compostela ao Mellor Actor de Reparto, e *O incerto señor don Hamlet* (Ricard Salvat, 1992).

No mundo audiovisual está especialmente ligado ás teleseries e comedias da TVG, como *A vida por diante*, *Mareas vivas* ou *Apaga a luz*, así como ao mundo das curtametraxes galegas: *A ti como se che di adeus?*, *Cielito lindo* e *Mofa e Befá: gran liquidación*, pola que recibiu o Premio AGAPI 1996 ao Mellor Actor co tándem Mofa e Befá, ex aequo para R. Sánchez “Luna”. Entre as canles televisivas de fóra de Galiza para as que ten traballado figuran a Antena 3 (*Un paso adelante*), Tele 5 (*Hospital Central* e *Periodistas*) e a catalá TV3 (*Oh Espanya!*). Canto ao cinema, colaborou nas longametraxes *Mia Sarah* (Gustavo Ron, 2005), *Para que non me esquezas* (Patricia Ferreira, 2004), *O agasallo de Silvia* (Dionisio Pérez, 2002) e *O alquimista impaciente* (Patricia Ferreira, 2000).

No que se refire á súa formación, cursou estudos na Scuola Internazionale Dell'Attore Cómico, dirixida por Antonio Fava (Reggio Emilia, Italia) en 1989. Tamén estudou na Bond's School of Clown baixo dirección de Eric de Bond, en Ibiza.

Simone Negrín (Antonio)

Turín, Italia, 1978



Actor, director e autor, estudou teatro na escola Teatro Laboratorio Casseta Popular de Turín, onde participou nas montaxes *Las Bacantes* (1999), baixo a dirección de Stefano Zuffi, e *Duelli Amorosi* (2000), un espectáculo de Commedia dell'Arte dirixido por Mauro Piombo. Un ano despois, presenta *Amore (senza parole)*, unha peza de teatro xestual de creación e dirección propia que estivo presente no IV Festival Internacional Theatropolis de Turín.

Chegou a Santiago de Compostela en 2002 grazas a unha bolsa Erasmus e fundou a compañía Teatro Baratto coa cal escribiu e dirixiu a peza teatral *Cineclú* (2003). Igualmente, colaborou coa compañía Ruso Negro nas obras *Concerto normal e corrente* (2004) e *Fratelli Negróni - concerto italiano* (2007), ambos os dous de creación propia e dirección colectiva. Cómpre mencionar tamén a súa intervención como creador e director en *Teatro Clandestino* (2005), para a compañía homónima, así como en *Competición de Improvisación Cómica* (2006) para ImproSantiago.

Formou parte do elenco dos espectáculos infantís *Contos Mimosos* (Teatro Baratto, 2002), *Contos Musicais* (Campú&Champán, 2004) e *Pulcinella* (2005), un concerto didáctico coa Real Filharmonía de Galicia sobre a suite homónima de Stravinsky.

En canto ao audiovisual, participou nas curtametraxes *Starring* (2001), de creación propia con M. Trevisan, premiado no BiancoFilmFestival de Perugia (Italia), así como en *Coco e Bobo* (2005), de José Díaz. Para a TVG interveu como actor cómico no programa *Mañá será outro día*.

Asistiu, entre outros, a cursos monográficos de *clown* (impartidos por Pierre Byland, Philp Radice, Leo Bassi ou Johny Melville), de Commedia dell'Arte (Mauro Piambo, Sandra Cavallini, Claudia Contín), mimo e pantomima (Esther Mollo, Fabio Sforzini) e interpretación segundo os métodos Stanislavskij e Cechov (Petru Vutcarau, Pietro Mossa).

Xan Cejudo (André)

A Coruña, 1947



Actor, autor e director de teatro fundamentalmente, a súa traxectoria profesional comeza a mediados dos anos 60 co grupo O Facho. Tras traballar con diferentes compañías, en 1984 comeza a colaborar co CDG interpretando as seguintes producións: *Woyzeck* (1984), *A noite vai coma un río* (1986), *O mozo que chegou de lonxe* (1988), *O incerto señor don Hamlet* (1991), *Leoncio e Helena* (1993), *A fiestra valdeira* (1994), *O Mariscal* (1994), *Nin me abandonarás nunca* (1995), *Viaxe e fin de don Frontán* (1995), *Nau de amores* (1995), *Hostia* (1996), *Xelmírez ou a gloria de Compostela* (1999), *Si o vello Simbad volvese ás illas* (1999), *Rosalía* (2001), *O ano do cometa* (2004), *Seis personaxes á procura de autor* (2005) e *Illa Reunión* (2006). Tamén dirixiu para o CDG *A Pousadeira* (1987), *Da Vinci levaba razón* (1987) e *A burla do galo* (2000). Como director de escena, tamén dirixiu máis dunha vintena de pezas, entre as que destacan, ademais das xa mencionadas, *Códice clandestino* (1989), de Quico Cadaval para a compañía O Moucho Clerc, pola que recibiu o Premio Compostela ao Mellor Director.

Como actor de teatro participou en numerosos espectáculos de compañías profesionais como Teatro Circo, Teatro Tranco, Malbarate Teatro ou Compañía Marías. O seu último traballo interpretativo foi na produción *Truenos y Misterios* (para a compañía Matarile Teatro, 2007), creada e dirixida por Ana Vallés. Pero foi o seu papel protagonista na obra *Tío Vania* (Factoría Teatro, 2005) de Antón Chèkhov baixo a dirección de Cristina Domínguez co que recibiu o premio María Casares 2006 ao Mellor Actor.

No medio audiovisual, traballou como intérprete en series de ficción da TVG como *Pratos combinados*, *Mareas vivas*, *Rías Baixas*, *Galicia express* ou *Celanova*, así como en diferentes episodios de *El comisario* e *Periodistas* (Tele 5), *Policías* (Antena 3) ou *Cuéntame* (TVE).

Foi actor e guionista en longametraxes como *Morrer no mar* de Alfredo Rabuñal, *Coxo* de X. Zapata, *El río tiene manos* de Beatriz del Monte, *Matachín* de Jorge Coira, *Mofa e Befá: gran liquidación* de Jorge Coira, *Unha extraña mirada* de J. L. Quiroga, *A todo tren* de Lidia Mosquera, *Se o sei non veño* de P. Palacios, *O párroco embaucado* de Carlos Soler, *Tornabón* de Carlos Soler, *O ferreiro paspallás* de Carlos Soler e *El pianista* de Mario Gas.

Borja Fernández (Sebastián)

Pontevedra, 1977



Actor, músico e cantante de rock, estudou cos mellores mestres de *clown*, tales como Jango Edwards, Eric de Bont ou Leo Bassi, ademais de formarse en teatro e danza contemporáneas, preparación física actoral, *body percusión* e acrobacias.

En 1999 fundou xunto con Marta Pazos a compañía Belmondo, coa cal actuou nas pezas *Lolamento (I'm sorry)* (2002), *Sidecar* (2003) e *Jean Paul* (2004), baixo a dirección de Montse Triola. O pasado ano co-funda a compañía Pistacatro, Produtora de Soños S.L. (2006), na cal actualmente traballa dunha maneira activa.

Traballou coas compañías e profesionais do teatro e da música como son Teatro Ensalle, Chévere teatro, Arrepentimentos de Padrón, Avelino González, Carlos Santiago, Fran Pérez, Trigo Limpo-Teatro Acert (Portugal), así como coas bailarinas e coreógrafas Mercé de Rande e Uxía Vaello. Por outra banda, participa activamente en eventos como Ultranoites (cabarés colectivos da Sala Nasa, en Santiago de Compostela) ou para *Asociación de Novo Circo e Cabaré Galega "Pista Cinco"*: Festas do Circo (cabaré circense de carácter anual que reúne os artistas galegos que se dedican profesionalmente a actividades relacionadas co Novo Circo) ou o Festival d´Gorra (teatro de rúa en Compostela).

Para o CDG traballou anteriormente na montaxe *Illa Reunión* (2006), dirixida por Ana Vallés, así como na coprodución xunto a Pistacatro Produtora de Soños *Kamikaze* (Hernán Gené, 2007).

Actuou, á súa vez, en series de TV como *Pepe o inglés*, e en varias curtametraxes como *Formularios truculentos* (José Díaz, 2006), *Coco e Bobo de viaxe pola realidade* (José Díaz, 2004), *Sucesión Rosa* (José Díaz, 2004) e *Destroy Yourself* (Sergio Canai Rey, 2002). Tamén interveu como figurante especial no filme *Dagon* (2001) de Stuart Gordon.

É o vocalista e letrista do grupo de música teatralizada vigués "Es un árbol".

Bernardo Martínez (*Músico*)

A Coruña, 1954



Estudou solfeo e percusión e música electroacústica con Ramón Codina no Conservatorio da Coruña, saxo e harmonía na Aula Taller da Coruña e asistiu a varios cursos na Escola Estudio de Santiago de Compostela para diferentes instrumentos. Tamén participou nos Encontros e Seminarios Internacionais do Colectivo Música Libre de Madrid que se basean na improvisación e interpretación colectiva dos músicos integrantes.

Ademais de tocar nalgúns orquestras en Galiza, formou parte de grupos de Folk como Leilía e Doa, do que é integrante fundador, e colaborou con cantantes do talle de Quintas Canella, Emilio Cao, Bibiano, Pablo Quintana, Xosé M. Eirís...

Participou sobre todo en grupos de jazz e novas músicas como Big Band Filloa Express, Clunia Sextet, Cuarteto de Saxofones Filloa, Grus-Grus, Quinteto de Cova Villegas, Jazzanga Clan, Orquestra de música espontánea Omega...

Compositor para música de curtametraxes e longametraxes, participa en montaxes e actuacións que integran cine, poesía, teatro-danza con música en directo. Tamén colabora con música en directo en exposicións, recitais de poesía e *performances*... Actualmente, é membro do trío Ouriol de música espontánea e poesía, con Eva Veiga e Fito Ares.

Instrumentos: saxofón, clarinete, frauta, percusión (congas, batería, instrumentos étnicos), guitarra, mandolina, baixo, sintetizadores e informática musical.

Suso Alonso (*Músico*)

Zamora, 1967



De formación musical clásica, a principios dos anos noventa comezou combinando música e teatro coa compañía Chévere na ópera musical *Annus Horribilis*, (Premio da crítica de Barcelona 1995) seguida polas montaxes *A rutina é o deber de todas as criaturas*, *Resaca*, *Órbita Mutante* (Premio María Casares 1998 á Mellor Música Orixinal) e *Hot Potch*. Foi tamén o intérprete musical en *Transviriato* da compañía Acert (Portugal, 2001) e intérprete e compositor da música orixinal do espectáculo *O xardín dos contos* de Teatro Galileo, así como do documental *La columna de los 8000* (co-autoría co violoncellista Carlos Ariel) baseada nos horrores da Guerra Civil en Extremadura.

Realizou o arranxo para piano da obra *As árbores danzantes* de Francisco Pérez interpretada polo pianista Lorenzo de los Santos na investidura oficial do presidente da Xunta de Galicia (Emilio Pérez Touriño) celebrada en agosto de 2005.

Interveu como pianista en *Lili Berlín*, espectáculo músico-teatral-cabaret, xunto á actriz e cantante Blanca Cendán e ao violoncellista Carlos Ariel, baseado no repertorio de Brecht-Kurt Weill. Con esta formación actuou en xuño de 2006 na pasarela Gaudí para acompañar o desfile da colección de noivas do deseñador Josechu Santana. Un mes despois interpretou xunto co actor Víctor Mosqueira a música da banda sonora da película *Delicatessen* composta para serrón e violoncello.

Entre os seus máis recentes traballos figuran os realizados como arranxador e músico en directo na obra *O Burgués Hidalgo* (2007), para a compañía Teatro do Morcego baixo a dirección de Celso Parada, e a composición da música do espectáculo *Sen Título 4x8x6* (2007), de Marcelino de Santiago para os Monicreques de Kukas.

Adoita acompañar coa súa música as películas de cine mudo do cineasta vigués José Gil e realiza colaboracións musicais co dúo cómico formado por Víctor Mosqueira e Evaristo Calvo (Mofa e Befá), aos cales axudou na montaxe de *Alma Mareira* (2006) da compositora Graciane Finzi baixo a dirección de Ros Marbá.

Desde 1998 forma parte del grupo multimedia Psicofónica de Conxo con dous CD no mercado (*Psicópolis* e *Extramundi*), de Reason for Life dentro do campo da música electrónica e da Banda da NASA nas Ultranoites. Forma parte do grupo The Ellas (a formación liderada por Luis Tosar) tocando órganos e pianos.

Ramón Orencio (*Músico*)

Santiago de Compostela, 1975



Cantante, actor e guitarrista. Xoga no Tambre Piel, equipo de fútbol sala último na última categoría na liga de Santiago de Compostela. Estudou matemáticas aprobando só Topoloxía dos espazos euclídeos. Actualmente engana os seus pais dicíndolles que leva 11 anos a estudar empresariais.

Foi guionista do programa da TVG *Luar* e púxolle a música ás Ultranoites da sala Nasa durante catro anos; a *Río Bravo 02* da Compañía Chévere; a *O país da comedia* de Carlos Blanco; ao *Imperial Café Cantante* de Teatro do Noroeste e outros espectáculos como: *Festas do Circo*, *Match de improvisación cómica*, *O País de Nunca Xamais*, etcétera.

Ademais está ocupado en facer perder sistematicamente actuacións a Champú&Champán polos seus concertos cos Cool Hamsters, Degüello e Ruso Negro.